



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Convocatoria de subvenciones y ayudas públicas

Extracto de las bases de la convocatoria de ayudas en régimen de concurrencia competitiva de bolsas deportivas para deportistas individuales del ayuntamiento de A Coruña 2026, aprobadas por resolución de fecha 17 de marzo de 2026 del Concejal responsable de Deportes, por delegación de la Xunta de Gobierno Local (RES/AYT/4719/2026).

BDNS (Identif.): 894928

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/894928>)

Primero.- Beneficiarios.

Podrán ser beneficiarios de las becas las personas físicas de nacionalidad española que sean deportistas federadas, en deporte individual, de cualquier modalidad, especialidad y categoría, que cumplan cada uno de los siguientes requisitos:

- A efectos de esta convocatoria y en relación al deporte individual se incluyen las especialidades deportivas que por reglamento deban practicarse por 2 personas y que no tengan representación individual.

- Se aclara que la práctica deportiva y su competición en parejas, dobles o mixtos quedan excluidas cuando puedan realizarse de forma individual. A modo de ejemplo: Tenis doble o Tenis doble mixto.

- Tener una edad mínima de 12 años y máxima de 40 años cumplidos en la fecha del último día de plazo de presentación de solicitudes. Se exceptúa la edad máxima en caso del deporte adaptado para personas con discapacidad.

- Estar empadronada en el Ayuntamiento de A Coruña por un plazo mínimo de 2 años, consecutivos o no, dentro de los 5 años anteriores al ejercicio en que se realice la solicitud.

- Demostrar arraigo en la ciudad de A Coruña, que se realizará a través de alguna de las siguientes formas:

- Haber nacido en la ciudad de A Coruña.

- Vivir, y/o entrenar regularmente en la ciudad de A Coruña.

- Estar matriculada en un centro oficial de estudios en la ciudad de A Coruña.

- Tener un contrato de trabajo en una entidad con sede en la ciudad de A Coruña y ejercerlo dentro de la ciudad.

- Tener vínculos familiares hasta el segundo grado de consanguinidad o afinidad en la ciudad de A Coruña.

- Estar en posesión de una licencia federativa durante las dos temporadas anteriores a esta convocatoria y que siga vigente para el año 2026 expedida por la Federación deportiva que corresponda.

- Pertenecer a club deportivo cuyo domicilio social radique en la ciudad de A Coruña, salvo excepciones que serán valoradas por el centro gestor.

- Acreditar nivel deportivo en la especialidad, por lo menos, en los dos años anteriores a la solicitud, y tener proyección de futuro.

- Que se encuentren al corriente en el cumplimiento de las obligaciones tributarias con la Agencia Tributaria estatal, el Ayuntamiento y la Seguridad Social.

- No estar cumpliendo sanción firme por infracción disciplinaria o administrativa en materia deportiva, calificada como grave o muy grave.

- No estar incurso en causa de exclusión o prohibición para obtener la condición beneficiario de subvenciones (art. 13 de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, de Subvenciones).

- En todo caso quedan excluidas las categorías Master o similar.

Segundo.- Objeto.

El Ayuntamiento de A Coruña, dentro de su competencia de promoción del Deporte, y consciente de las dificultades que tienen muchos deportistas individuales para poder llevar a cabo sus entrenamientos y competiciones, por el elevado coste que suponen los desplazamientos, licencias federativas, equipaciones, etc., considera necesario aprobar una línea de ayudas a deportistas individuales que tengan el carácter de becas.

En concreto, estas becas se convocan para apoyar a deportistas que practiquen deporte individual, como medio de fomentar y promover el deporte coruñés y, de esta forma, conseguir logros deportivos para la ciudad de A Coruña.

Con estas becas se pretende apoyar la práctica y el rendimiento deportivo, tanto en relación al perfeccionamiento técnico y la obtención de mayor rendimiento en las respectivas modalidades deportivas, como facilitando su participación en competiciones deportivas de alto nivel.

Se procede, por tanto, a establecer las bases reguladoras de becas para la mejora y perfeccionamiento de deportistas empadronados en el Ayuntamiento de A Coruña que destaquen en la participación de competiciones oficiales de carácter individual en las distintas modalidades deportivas durante el año 2026.

Estas becas son compatibles con otras ayudas públicas o privadas para la misma finalidad.

As bolsas se clasificarán a efectos de esta convocatoria en las siguientes categorías:

TIPO 1: Becas para deportistas que participen en Campeonato del Mundo:

Podrán optar aquellos/as deportistas que estén en condiciones de participar en estos campeonatos.

TIPO 2: Becas para deportistas que participen en el Campeonato de Europa.

Podrán optar aquellos/as deportistas que estén en condiciones de participar en estos campeonatos.

TIPO 3: Becas para deportistas que participen en Campeonato de España.

Podrán optar aquellos/as deportistas que estén en condiciones de participar en estos campeonatos.

TIPO 4: Becas para deportistas que participen en Campeonato Gallego - Xunta de Galicia.

Podrán optar aquellos/as deportistas que estén en condiciones de participar en estos campeonatos.

Tercero.- Bases reguladoras.

Ordenanza municipal de bases reguladoras generales para la concesión de subvenciones por el Ayuntamiento de A Coruña y sus organismos públicos (B.O.P. de A Coruña número 157 de 16.08.2024).

Cuarto. Importe.

El importe global de las ayudas objeto de la presente convocatoria es de CIENTO CINCUENTA MIL EUROS (150.000,00 €), gasto imputable a la aplicación presupuestaria 52.341.48116 del presupuesto municipal de 2026.

El importe global se distribuirá, siempre que las solicitudes presentadas lo permitan, con los siguientes límites máximos:

- 1) Becas TIPO 1: 10 becas con un importe de 5.000,00 euros cada una.
- 2) Becas TIPO 2: 10 becas con un importe de 3.000,00 euros cada una.
- 3) Becas TIPO 3: 25 becas con un importe de 2.000,00 euros cada una.
- 4) Becas TIPO 4: 25 becas con un importe de 800,00 euros cada una.

No obstante lo anterior, la Administración Municipal quedará facultada para la modificación del número de becas indicadas si como consecuencia de las solicitudes presentadas existiera un mayor número de proposiciones económicas que se orientase en mayor densidad a cualquiera de las actividades deportivas encuadradas en los cuatro grupos señalados con el objeto de establecer una distribución económica más equitativa e igualitaria.

Se podrá establecer una lista de espera teniendo en cuenta la puntuación clasificada obtenida.

Cada deportista podrá presentar una única solicitud de beca, de acuerdo con lo establecido en la Base 6.1, indicando de modo claro el tipo de beca y la modalidad deportiva para la que solicita dicha ayuda. Por lo tanto, sólo podrá solicitarse y concederse una única beca por persona.

En caso de solicitar beca para una modalidad deportiva que disponga de diferentes especialidades o pruebas, sólo podrá presentar solicitud para una de ellas. Si se incumple este requisito y se solicita beca deportiva para más de una prueba, ninguna de las solicitudes será valorada, lo que producirá la exclusión del solicitante del procedimiento.

Quinto.- Lugar y plazo de presentación de solicitudes.

Las solicitudes de subvención se deberán presentar obligatoriamente en el formulario web de la plataforma municipal establecido en la sede electrónica del Ayuntamiento de A Coruña <https://sede.coruna.gal> en la página web de deportes www.coruna.gal/deportes, en el plazo de 10 días hábiles contados a partir del día siguiente al de la publicación de un extracto de esta convocatoria en el Boletín Oficial de la Provincia.

Si el último día del plazo fuese inhábil, se entenderá prorrogado al primer día hábil siguiente.

Sexto.- Otros datos de interés.

Plazo de ejecución de actividades

Entre el 1 de enero y el 31 de diciembre de 2026.

Forma de pago

Dadas las características de los destinatarios de las becas deportivas, la cuantía de las mismas así como la naturaleza de las iniciativas objeto de ayuda, se acordará el pago anticipado de la beca otorgada (100%) que se tramitará de oficio por el órgano instructor. En este caso deberá de constituirse una garantía del 10% del importe total de la beca deportiva, que podrá realizarse mediante la retención del pago por el Ayuntamiento de dicho porcentaje, por lo que el importe líquido que recibirán los becados será de un 90% del importe de la subvención. Una vez efectuada la debida justificación y no existiendo responsabilidad por parte de la persona beneficiaria, se procederá a la devolución de la cantidad retenida en concepto de garantía.

Plazo de justificación

La documentación justificativa de la beca deportiva deberá presentarse en la Sede electrónica del Ayuntamiento de A Coruña, una vez alcanzados los objetivos anuales establecidos en el proyecto, y en todo caso, antes del 31 de enero de 2027.

Toda la documentación justificativa, incluidas las fotografías, deberá presentarse en formato PDF. Únicamente el video podrá presentarse a través de la dirección de correo electrónico uadeportes@coruna.gal, siendo obligatorio presentar el resto de documentación, dentro de los plazos establecidos, a través de la sede electrónica del Ayuntamiento de A Coruña <https://sede.coruna.gal>.

La presentación de la documentación justificativa a través del correo electrónico o el envío del vídeo sin presentar ninguna otra documentación a través de la sede electrónica se entenderá como no realizada, considerándose incumplido el deber de justificación de la beca deportiva.

Una vez transcurrido el plazo de justificación señalada en estas bases sin que la persona becada presente la documentación justificativa, la unidad gestora le requerirá para que la presente en el plazo improrrogable de 15 días desde la notificación.

La falta de presentación de la documentación en ese plazo supondrá la pérdida del derecho al cobro de la beca otorgada, y el reintegro de primer plazo percibido junto con los intereses de demora correspondientes, sin perjuicio de las responsabilidades previstas en la Ley General de Subvenciones.

Forma de justificación

Las personas beneficiarias de la beca deportiva están obligadas a justificar documentalmente el cumplimiento de las condiciones impuestas, debiendo presentar la siguiente documentación justificativa:

-Formulario web de justificación:

· Documento de justificación.

· Certificado actualizado de subvenciones solicitadas, concedidas o percibidas y demás ingresos generados para la misma finalidad y actividad.

a. Certificación de la federación deportiva correspondiente acreditativa de los resultados obtenidos en el año 2026, indicando las fechas, lugares y nivel de la competición.

En aquellos casos en los que no hayan participado en la prueba solicitada por no conseguir la clasificación necesaria, por lesión o por causa de fuerza mayor, deberán indicarlo en la memoria descriptiva, en el que indiquen dichos motivos justificados documentalmente y será la mesa de valoración en base a la justificación realizada, de acuerdo con la base 18.4, la que valore el cumplimiento o no de al menos el 50% de los objetivos, incoando el reintegro en caso de incumplimiento.

b. Informe emitido por el club al que pertenece el/la deportista donde conste la trayectoria del deportista, actividades desarrolladas en el año 2026 y los resultados conseguidos.

c. Memoria descriptiva firmada por el deportista de la temporada realizada y de los resultados obtenidos, en la que indique:

- Que la actividad fue desarrollada en las condiciones recogidas en el proyecto inicial presentado por el/la deportista en el momento de solicitud de la beca o, indicar en su caso los motivos por los que no ha conseguido la participación en la prueba solicitada que tendrán que ser causas acaecidas con posterioridad a la solicitud de la beca.

- Deberá indicar en qué medida se han ejecutados los gastos previstos para el año 2026 y que han dado lugar al aprovechamiento económico de la beca obtenida. Se entiende que se han cumplido los objetivos cuando el/la deportista becado acredite que ha cumplido al menos la mitad de los objetivos marcados en el proyecto inicial, incluyendo tanto asistencia a competiciones como realización de entrenamientos intensivos.

d. Documentación acreditativa de la publicidad realizada de la ayuda concedida por el Ayuntamiento de A Coruña en las competiciones objeto de la convocatoria (fotos, prensa, vídeo...). -Justificación de que el logo del Ayuntamiento conste en el uniforme, material o equipación, así como en las redes sociales o página web, en el caso de disponer de ellas (presentación en la sede electrónica <https://sede.coruna.gal>, en formato PDF)-Vídeo grabado preferentemente en el lugar da competición, en el que se haga mención a la beca deportiva, publicado en las redes sociales, y con enlace con las redes sociales de la Concejalía de deportes del Ayuntamiento de A Coruña (presentación na sede electrónica <https://sede.coruna.gal> ou por correo uadeportes@coruna.gal; publicación en redes sociales y ligazón a las redes de la Concejalía Deportes, mencionar / etiquetar @corunadeportes en Instagram, @coruna_deportes en X o acorunadeportes en Facebook).

Para la valoración del cumplimiento de la finalidad básica de la beca, se tendrá en cuenta toda la documentación presentada que, en conjunto, acredite la consecución de por lo menos la mitad de los objetivos marcados de acuerdo con el proyecto inicial. TENIENDO EN CUENTA LOS SIGUIENTES CRITERIOS:

OBJETIVO 1: ASISTENCIA A LA PRUEBA-COMPETICION SOLICITADA - 50% OBJETIVO 2: ASISTENCIA A LAS PRUEBAS CLASIFICATORIAS - 20% OBJETIVO 3: PROGRAMA DE ENTRENAMIENTO- 20% OBJETIVO 4: MÉRITOS DEPORTIVOS DENTRO DE LA MISMA MODALIDAD- 10%

En el caso de no cumplir el objetivo 1, se procederá a la incautación de la garantía retenida.

Compatibilidad con otras ayudas

Estas bolsas son compatibles con otras ayudas públicas o privadas para la misma finalidad.

Publicidad de las ayudas

-Justificación de que el logo del Ayuntamiento conste en el uniforme, material o equipación, así como en las redes sociales o página web, en el caso de disponer de ellas (presentación en la sede electrónica <https://sede.coruna.gal>, en formato PDF)

-Vídeo grabado preferentemente en el lugar da competición, en el que se haga mención a la beca deportiva, publicado en las redes sociales, y con enlace con las redes sociales de la Concejalía de deportes del Ayuntamiento de A Coruña (presentación na sede electrónica <https://sede.coruna.gal> ou por correo uadeportes@coruna.gal; publicación en redes sociales y ligazón a las redes de la Concejalía Deportes, mencionar / etiquetar @corunadeportes en Instagram, @coruna_deportes en X o acorunadeportes en Facebook).

A Coruña

17/3/2026

El concejal responsable de Deportes, Manuel José Vázquez Martínez PD. (Acuerdo de la Junta de Gobierno Local de 04.07.2024, BOP núm. 129 do 05.07.2024)

Extracto das bases da convocatoria de axudas en réxime de concorrencia competitiva de bolsas deportivas para deportistas individuais do Concello da Coruña 2026, aprobadas por resolución con data 17 de marzo de 2026 do concelleiro responsable de Deportes, por delegación da Xunta de Goberno Local (RES/AYT/4719/2026).

BDNS (Identif.): 894928

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/894928>)

Primeiro. Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarias das bolsas as persoas físicas de nacionalidade española que sexan deportistas federadas, en deporte individual, de calquera modalidade, especialidade e categoría, que cumpran cada un dos seguintes requisitos:

- Para os efectos desta convocatoria e, en relación ao deporte individual, inclúense as especialidades deportivas que, por regulamento, deban practicar 2 persoas e que non teñan representación individual.
- Aclárase que a práctica deportiva e a súa competición en parellas, dobres ou mixtas quedan excluídas cando se poidan realizar de forma individual. Por exemplo: tenis dobre ou tenis dobre mixto.
- Ter unha idade mínima de 12 anos e máxima de 40 anos cumpridos na data do último día do prazo de presentación de solicitudes. Exceptúase a idade máxima en caso do deporte adaptado para persoas con discapacidade.
- Estar empadroadada no Concello da Coruña por un prazo mínimo de 2 anos, consecutivos ou non, dentro dos 5 anos anteriores ao exercicio en que se realice a solicitude.
- Demostrar arraigamento na cidade da Coruña, que se realizará a través dalgunha das seguintes formas:
 - Ter nacido na cidade da Coruña.
 - Vivir, e/ou adestrar regularmente na cidade da Coruña.
 - Estar matriculado/a nun centro oficial de estudos na cidade da Coruña.
 - Ter un contrato de traballo nunha entidade con sede na cidade da Coruña e exercelo dentro da cidade.
 - Ter vínculos familiares ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade na cidade da Coruña.
- Estar en posesión dunha licenza federativa durante as dúas tempadas anteriores a esta convocatoria e que siga vixente para o ano 2026, expedida pola federación deportiva que corresponda.
- Pertencer a club deportivo cuxo domicilio social radique na cidade da Coruña, salvo excepcións que serán valoradas polo centro xestor.
- Acreditar o nivel deportivo na especialidade, polo menos, nos dous anos anteriores á solicitude, e ter proxección de futuro.
- Que se atopen ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria estatal, o Concello e a Seguridade Social.
- Non estar a cumprir sanción firme por infracción disciplinaria ou administrativa en materia deportiva, cualificada como grave ou moi grave.
- Non estar incurso/a en causa de exclusión ou prohibición para obter a condición de beneficiario/a de subvencións (art. 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, de subvencións).
- En todo caso, quedan excluídas as categorías máster ou similar.

Segundo. Obxecto.

O Concello da Coruña, dentro da súa competencia de promoción do Deporte, e consciente das dificultades que teñen moitas persoas deportistas individuais para poderen levar a cabo os seus adestramentos e competicións, polo elevado custo que supoñen os desprazamentos, licenzas federativas, equipamentos etc., considera necesario aprobar unha liña de axudas a deportistas individuais que teñan o carácter de bolsas.

En concreto, estas bolsas convócanse para apoiar a deportistas que practiquen deporte individual, como medio de fomentar e promover o deporte coruñés e, desta forma, conseguir logros deportivos para a cidade da Coruña.

Con estas bolsas preténdese apoiar a práctica e o rendemento deportivo, tanto en relación co perfeccionamento técnico e a obtención de maior rendemento nas respectivas modalidades deportivas, como facilitando a súa participación en competicións deportivas de alto nivel.

Procédese, polo tanto, a establecer as bases reguladoras de bolsas para a mellora e o perfeccionamento de deportistas empadroados/as no Concello da Coruña que destaquen na participación de competicións oficiais de carácter individual nas distintas modalidades deportivas durante o ano 2026.

Estas bolsas son compatibles con outras axudas públicas ou privadas para a mesma finalidade.

As bolsas clasificaranse, para os efectos desta convocatoria, nas seguintes categorías:

TIPO 1: Bolsas para deportistas que participen no Campionato do Mundo Poderán optar aqueles/as deportistas que estean en condicións de participar nestes campionatos.

TIPO 2: Bolsas para deportistas que participen no Campionato de Europa Poderán optar aqueles/as deportistas que estean en condicións de participar nestes campionatos.

TIPO 3: Bolsas para deportistas que participen no Campionato de España Poderán optar aqueles/as deportistas que estean en condicións de participar nestes campionatos. .

TIPO 4: Bolsas para deportistas que participen no Campionato Galego - Xunta de Galicia

Poderán optar aqueles/as deportistas que estean en condicións de participar nestes campionatos.

Terceiro. Bases reguladoras.

Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para a concesión de subvencións polo Concello da Coruña e os seus organismos públicos (BOP da Coruña número 157 do 16.08.2024).

Cuarto. Importe.

O importe global das axudas obxecto da presente convocatoria é de CENTO CINCUENTA MIL EUROS (150.000,00 €), gasto imputable á aplicación orzamentaria 52.341.48116 do orzamento municipal de 2026.

O importe global distribuirase, sempre que as solicitudes presentadas o permitan, cos seguintes límites máximos:

- 1) Bolsas TIPO 1: 10 bolsas cun importe de 5.000,00 euros cada unha
- 2) Bolsas TIPO 2: 10 bolsas cun importe de 3.000,00 euros cada unha
- 3) Bolsas TIPO 3: 25 bolsas cun importe de 2.000,00 euros cada unha
- 4) Bolsas TIPO 4: 25 bolsas cun importe de 800,00 euros cada unha

Non obstante o anterior, a Administración Municipal quedará facultada para modificar o número de bolsas indicadas se, como consecuencia das solicitudes presentadas, existise un maior número de proposicións económicas que se orientase en maior densidade a calquera das actividades deportivas encadradas nos catro grupos sinalados, co obxecto de establecer unha distribución económica máis equitativa e igualitaria.

Poderase establecer unha lista de espera tendo en conta a puntuación clasificada obtida.

Cada deportista poderá presentar unha única solicitude de bolsa, consonte o establecido na Base 6.1, é indicará de modo claro o tipo de bolsa e a modalidade deportiva para a que solicita esta axuda. Polo tanto, só se poderá solicitar e conceder unha única bolsa por persoa.

En caso de solicitar bolsa para unha modalidade deportiva que dispoña de diferentes especialidades ou probas, só poderá presentar a solicitude para unha delas. Se se incumpre este requisito e se solicita a bolsa deportiva para máis dunha proba, ningunha das solicitudes será valorada, o que producirá a exclusión da persoa solicitante do procedemento.

Quinto. Lugar e prazo de presentación de solicitudes.

As solicitudes de subvención deberanse presentar obrigatoriamente no formulario web da plataforma municipal establecido na sede electrónica do Concello da Coruña <https://sede.coruna.gal> na páxina web de deportes www.coruna.gal/deportes, no prazo de 10 días hábiles, que se contarán a partir do día seguinte ao da publicación dun extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Se o último día do prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

Sexto. Outros datos de interese

Prazo de execución de actividades

Entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026.

Forma de pago

Dadas as características das persoas destinatarias das bolsas deportivas, a súa contía así como a natureza das iniciativas obxecto de axuda, acordarase o pago anticipado da bolsa outorgada (100%), que será tramitada de oficio polo

órgano instructor. Neste caso deberase constituír unha garantía do 10% do importe total da bolsa deportiva, que se poderá realizar mediante a retención do pago polo Concello da devandita porcentaxe, polo que o importe líquido que recibirán os/as bolseiros/as será dun 90% do importe da subvención. Unha vez efectuada a debida xustificación, e se non existe responsabilidade por parte da persoa beneficiaria, devolverase a cantidade retida en concepto de garantía.

Prazo de xustificación

A documentación xustificativa da bolsa deportiva deberá presentarse na Sede electrónica do Concello da Coruña, unha vez alcanzados os obxectivos anuais establecidos no proxecto e, en todo caso, antes do 31 de xaneiro de 2027.

Toda a documentación xustificativa, incluídas as fotografías, deberá presentarse en formato PDF. Unicamente o vídeo se poderá presentar a través do enderezo de correo electrónico uadeportes@coruna.gal, e será obrigatorio presentar o resto de documentación, dentro dos prazos establecidos, a través da sede electrónica do Concello da Coruña <https://sede.coruna.gal>.

A presentación da documentación xustificativa a través do correo electrónico ou o envío do vídeo sen presentar ningunha outra documentación a través da sede electrónica entenderase como non realizada, e considerárase incumprido o deber de xustificación da bolsa deportiva.

Unha vez transcorrido o prazo de xustificación sinalado nestas bases sen que a persoa bolseira presente a documentación xustificativa, a unidade xestora requiriralle que a presente no prazo improrrogable de 15 días desde a notificación.

A falta de presentación da documentación nese prazo supoñerá a perda do dereito á cobranza da bolsa outorgada, e o reintegro de primeiro prazo percibido xunto cos intereses de demora correspondentes, sen prexuízo das responsabilidades previstas na Lei xeral de subvencións.

Forma de xustificación

As persoas beneficiarias da bolsa deportiva están obrigadas a xustificar documentalmente o cumprimento das condicións impostas, e deberán presentar a seguinte documentación xustificativa:

-Formulario web de xustificación:

· Documento de xustificación

· Certificado actualizado de subvencións solicitadas, concedidas ou percibidas e demais ingresos xerados para a mesma finalidade e actividade

a. Certificación da federación deportiva correspondente acreditativa dos resultados obtidos no ano 2026, na que se indiquen as datas, os lugares e o nivel da competición. Naqueles casos nos que non participasen na proba solicitada por non conseguir a clasificación necesaria, por lesión ou por causa de forza maior, deberán indicalo na memoria descritiva, na que indiquen estes motivos xustificados documentalmente e será a mesa de valoración, baseándose na xustificación realizada, consonte a base 18.4, a que valore o cumprimento ou non de, polo menos, o 50% dos obxectivos, e incoará o reintegro en caso de incumprimento.

b. Informe emitido polo club ao que pertence o/a deportista onde conste a súa traxectoria deportista, actividades desenvolvidas no ano 2026 e os resultados conseguidos.

c. Memoria descritiva asinada polo/a deportista da tempada realizada e dos resultados obtidos, na que indique:

- Que a actividade foi desenvolvida nas condicións recollidas no proxecto inicial presentado polo/a deportista no momento de solicitude da bolsa ou indicar, de ser o caso, os motivos polos que non conseguiu a participación na proba solicitada, que terán que ser causas acaecidas con posterioridade á solicitude da bolsa.

- Deberá indicar en que medida se executaron os gastos previstos para o ano 2026 e que deron lugar ao aproveitamento económico da bolsa obtida. Enténdese que se cumpriron os obxectivos cando o/a deportista bolseiro/a acredite que cumpriu, polo menos, a metade dos obxectivos marcados no proxecto inicial, incluíndo tanto asistencia a competicións como a realización de adestramentos intensivos.

d. Documentación acreditativa da publicidade realizada da axuda concedida polo Concello da Coruña nas competicións obxecto da convocatoria (fotos, prensa, vídeo...).

- Xustificación de que o logo do Concello conste no uniforme, material ou equipamento, así como nas redes sociais ou páxina web, no caso de dispoñer delas (presentación na sede electrónica <https://sede.coruna.gal>, en formato PDF)

-Vídeo gravado preferentemente no lugar da competición, no que se faga mención á bolsa deportiva, publicado nas redes sociais, e con ligazón coas redes sociais da Concellería de Deportes do Concello da Coruña (presentación na sede electrónica <https://sede.coruna.gal> ou por correo uadeportes@coruna.gal; publicación en redes sociais e ligazón ás redes

da Concellería de Deportes, mencionar/etiquetar @corunadeportes en Instagram, @coruna_deportes en X ou acorunadeportes en Facebook).

Para valorar o cumprimento da finalidade básica da bolsa, terase en conta toda a documentación presentada que, en conxunto, acredite a consecución de, polo menos, a metade dos obxectivos marcados consonte o proxecto inicial. TENDO EN CONTA OS SEGUINTE CRITERIOS:

OBXECTIVO 1: ASISTENCIA Á PROBA-COMPETICIÓN SOLICITADA - 50% OBXECTIVO 2: ASISTENCIA ÁS PROBAS CLASIFICATORIAS - 20% OBXECTIVO 3: PROGRAMA DE ADESTRAMENTO - 20% OBXECTIVO 4: MÉRITOS DEPORTIVOS DENTRO DA MESMA MODALIDADE - 10%

No caso de non cumprir o obxectivo 1, incautárase a garantía retida.

Compatibilidade con outras axudas

Estas bolsas son compatibles con outras axudas públicas ou privadas para a mesma finalidade.

Publicidade das axudas

-Xustificación de que o logo do Concello conste no uniforme, material ou equipamento, así como nas redes sociais ou páxina web, no caso de dispoñer delas (presentación na sede electrónica <https://sede.coruna.gal>, en formato PDF)-Vídeo gravado preferentemente no lugar da competición, no que se faga mención á bolsa deportiva, publicado nas redes sociais, e con ligazón coas redes sociais da Concellería de Deportes do Concello da Coruña (presentación na sede electrónica <https://sede.coruna.gal> ou por correo uadeportes@coruna.gal; publicación en redes sociais e ligazón ás redes da Concellería de Deportes, mencionar/etiquetar @corunadeportes en Instagram, @coruna_deportes en X ou acorunadeportes en Facebook).

A Coruña

17/3/2026

O concelleiro responsable de Deportes, Manuel José Vázquez Martínez PD. (Acordo da Xunta de Goberno Local do 04.07.2024, BOP núm. 129 do 05.07.2024)

2026/1912